

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

DECRETO 120/1998, DO 23 DE ABRIL, POLO QUE SE REGULA A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Outubro 2024



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
DE ESTEIRO





# CONTIDOS

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. REFERENCIAS E BASES LEGISLATIVAS**
- 3. ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL**
- 4. ORGANIZACIÓN**
- 5. OBIETIVOS XERAIS**
- 6. ACTIVIDADES**
- 7. METODOLOXÍA**
- 8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

# 1 INTRODUCCIÓN

A función titorial non ten por obxecto soamente coñecementos e procedementos, senón taén valores, normas e actitudes, ten por obxecto, o pleno desenvolvemento das persoas e do alumnado, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado, o exercicio da función titorial.

Os aspectos titoriais da función docente, está recollida en múltiple lexislación, e dentro das funcións que tódolos mestres poseemos, dende o momento que poñemos os pes no centro educativo e que así está disposto no artigo 91 da LOMLOE:

- A programación e a ensinanza das áreas, materias, módulos ou ámbitos que teñan encomendados.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación do proceso de ensino.
- A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación do seu aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos e departamentos especializados-
- A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- A promoción, organización a participación nas actividades complementarias, dentro e fora do recinto educativo, programadas polo centro.
- A contribución a que actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores dunha cidadanía democrática e da cultura de paz.
- A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como
  - a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- A participación nas actividades xerais do centro.
- A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de enseñanza correspondente.

Deste modo, os aspectos titoriais da función docente son de catro tipos:

1. Aspectos respecto a meditación nas relacións co entorno, a familia e o centro.
2. Adecuación e personalización das ofertas educativas adaptándonos ás necesidades do alumnado,diverso que temos dentro das nosas aulas, tal como se recolle no D.229/2011.
3. Coordinación do procedemento avaliador, xa que se converte no representante do alumnado, do que é titor.
4. Detección e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Por tanto, o Plan de Acción Titorial, será o marco no que se desenvolvan as actuacións do profesorado, na

relación cos alumnos, as familias, polo que tódolos profesores, deben estar implicados na planificación, aplicación, avaliación e continua revisión do Plan de Acción Titorial.

Este Plan de Acción Titorial é a sistematización e organización da acción titorial, realizada por nos como mestres, sobre todo polos titores, dentro dun procedemento de acción conxunta do claustro, e , unha benplanificado e coordinado para ao seu desenvolvemento.

## 2 REFERENCIAS E BASES LEXISLATIVAS

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato reguladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Orde de 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, e que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato reguladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para ao plutilingüismo no ensino non universitario de Galiza.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

# 3 ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL

Os ámbitos que o presente plan propón como prioritarios están organizados segundo os destinatarios aos que facemos referencia:

Destinatarios	Ámbito
Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento e seguimento persoal do alumnado.</li> <li>- A relación co grupo-clase.</li> <li>- Integración na dinámica de centro dunha forma activa, responsable e crítica, por medio de medidas organizativas coa finalidade de integrar os valores democráticos, tolerancia e respecto.</li> <li>- Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe. Integrando as MAD necesarias para prever as posibles dificultades de aprendizaxe.</li> </ul>
Familia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- É un recurso básico para a acción titorial.</li> <li>- O DO, debe asesorar sobre:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Fórmulas e criterios de actuación que favorezan o diálogo e a cooperación.</li> <li>o Estratexias de apoio ao proceso de E-A dos seus fillos.</li> </ul> </li> </ul>
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración co DO, priorizando:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Coordinación para dar resposta educativa dentro das programación.</li> <li>o Establecemento de pautas, sesión e instrumentos para a dinamización e coordinación das reunións de coordinación cara a información sobre o alumnado das titorias.</li> </ul> </li> </ul>
Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Canalización das información e/ou demandas solicitadas polo profesorado e/ou as familias</li> <li>- En relación ao DO:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Asesoramento de materiais e recursos</li> <li>o Elaboración de documentos</li> <li>o Contactos periódicos co grupo de titores e titoras</li> <li>o Contactos individuais co profesorado titor que o requira</li> <li>o Propoñer actividades de formación para ao profesorado deo centor</li> <li>o Asesoramento e colaboración con outros servizos (logopedas, servizos sociais, atención temperá, rehabilitación...)</li> </ul> </li> </ul>

# 4 ORGANIZACIÓN

O noso proxecto a función titorial, poñemos en primeiro plano e damos máis peso ao carácter personalizado, individualizado, integral e diverso do ensino, fronte á parcelación en materias e a desaparición do individuo no grupo, segundo os principios de:

- Personalización: realizar unha educación integral da persoa como tal, para ao desenvolvemento da personalidade de cada un.
- Individualización: edúcase á persoas concretas, coas súas características propias, para conseguir o desenvolvemento dunha personalidade correcta.
- Integración: edúcase a persoas completas, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas, en contraposición á parcelación educativa ou de de coñecementos.
- Diversificación: edúcase axustando o ensino á necesidade educativa do alumnado, mediante as oportunas adaptacións, en primeiro momento, dende a atención a diversidade ordinaria, modificación de tempos, espazos ou materiais, adecuando a axuda pedagóxica a prestar. Pero tamén contamos coas medidas extraordinarias, como as medidas de reforzo de Pedagogía Terapéutica,

ou Audición e Linguaxe, as adaptacións curriculares ou incluso a decisión de cambio no tipo de escolarización.

## 5 OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos deste Plan de Acción Titorial son:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial e o benestar emocional do alumnado.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo clase.
- Lograr actitudes positivas cara o estudo e os compañeiros e compañeiras, hábitos de traballo e comportamentos socialmente axeitados.
- Optimizar os procesos da aprendizaxe, potenciando o seguimento do alumnado para detectar dificultades e pedir, no seu caso, asesoramento e apoio ao Departamento de Orientación.
- Facilitar a transición entre cursos/ciclos, etapas e centros.
- Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo clase.
- Impulsar a participación e colaboración dos pais e nais na vida do Centro e na educación dos seus fillos e fillas.
- Orientar ás familias na súa labor educativa con contactos periódicos co titor/a e implicalas en actividades de apoio e orientación dos seus fillos e fillas e tamén na vida do Centro.
- Canalizar as informacións ou demandas solicitadas polo profesorado ou polas familias.
- Coordinar as actuacións previstas neste Plan co Proxecto Educativo do Centro e os outros elementos que o configuran (NOF, Plan de Acollida, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade,...)
- Manter contacto e colaboración con outros servizos (servizos sociais, atención temperá, rehabilitación, logopedia Saúde mental infantil...) a través do Departamento de Orientación.

## 6 ACTIVIDADES

### CO ALUMNADO

INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
Acollida dos/as alumno/a da forma o máis personalizada posible facilitándolle o período de adaptación segundo as súas características.	Titor/a	Facilitar progresivamente ós alumnos/as o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.	Titor/a
Cumprimentar a documentación do alumnado.	Titor/a	Facilita-lo coñecemento do alumnado entre si, o seu lugar na clase e a identificación das súas cousas.	Titor/a
Realización da avaliación inicial do alumnado. Prevención e detección de déficits aptitudinais e das necesidades	Titor/a DO	Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: sinceridade, xenerosidade, respecto, orde, limpeza, ..	Titor/a Profesorado

<b>INDIVIDUALMENTE</b>	<b>Responsable</b>	<b>EN GRUPO</b>	<b>Responsable</b>
Organización a principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas.	Titor/a Xefe Estudos D. Orientación	Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores. Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir. Pedir axuda. Unirse ó xogo de outros. Habilidades para expresar os sentimentos: Expressar emocións. Recibir emocións. Defender os seus dereitos.	Titor/a Profesorado
Realización da avaliación continua de cada alumno/a ó longo de todo o curso, para detectar posibles necesidades educativas poñer en marcha as medidas oportunas.	Titor/a Profesorado	Actividades de educación para a saúde. Prevención de drogodependencias	Titor/a
Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a	Titor/a	Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto ó grupo de alumnos.	Titor/a
Control de asistencia do alumnado	Titor/a		

### COAS FAMILIAS

<b>INDIVIDUALMENTE</b>	<b>Responsable</b>	<b>EN GRUPO</b>	<b>Responsable</b>
Entrevista persoal coas familias na que se cumprimentará un cuestionario dirixido a obter información relevante sobre cada alumno/a.	Titor/a	Visita do alumnado de novo ingreso acompañados pola familia.	Xefatura de estudos Titor/a Orientación



<b>INDIVIDUALMENTE</b>	<b>Responsable</b>	<b>EN GRUPO</b>	<b>Responsable</b>
Realización de entrevistas individuais coa familia ó longo do curso, na hora de tutoría, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a , e fomentando a colaboración familia-escola.	Titor/a	Realización dunha xuntanza previa ó inicio das clases, colectiva, cos pais/nais dos alumnos/as para concretar como vai ser o período de acollida	Titor/a
Comunicar á familia as faltas de asistencia	Titor/a	Reunión da familia de cada grupo de alumnos/as a cada trimestre. Xefe de estudos	Titor/a Profesorado

**ACTIVIDADES DO PROFESORADO**

<b>INDIVIDUALMENTE</b>	<b>Responsable</b>	<b>EN GRUPO</b>	<b>Responsable</b>
Planificación da acción tutorial para o presente curso.	Titor/a Orientación	Reunión da Xefatura de estudos de Educación Primaria, profesorado do Educación Infantil e orientadora para programar a incorporación dos alumnado desta etapa	Profesorado: Xefatura estudos de E. Infantil e Primaria Orientadora
Facilitar información relevante sobre as necesidades e características individuais ou do grupo a cada profesor e profesora que imparta clase a ese alumnado.	Titor/a	Formación na acción tutorial	C.C.P.
Formación na acción tutorial	Cada profesor/a		

# 7 METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para a posta en práctica do Plan de Acción Titorial está deseñado para favorecer a participación e colaboración activa de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do alumnado.

Os principios metodolóxicos que deben orientar a acción titorial son parellos aos da acción docente. De aí que a realización de actividades deberá estar baseada nun modelo de intervención tanto grupal como individual a través de programas, que faciliten as axudas necesarias para o desenvolvemento persoal e educativo de cada un dos alumnos e alumnas.

Así mesmo, cando a situación o requira e coa colaboración do Departamento de Orientación, empregaranse métodos, estratexias, técnicas e materiais concretos naqueles casos nos que se detecten dificultades relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe e/ou de adaptación do alumnado.

As estratexias de actuación fundamentaranse nos seguintes principios:

- **Prevención:** Todo o alumnado debe beneficiarse da acción titorial procurando anticiparse á aparición de circunstancias ou situacións que poidan ser obstáculo ao progreso dos alumnado.
- **Desenvolvemento harmónico e integral das persoas:** Dotar ao alumnado das competencias necesarias para afrontar as demandas de cada etapa evolutiva e proporcionarlle situacións de aprendizaxe significativas.
- **Colaboración con toda a comunidade educativa do centro.**
- **Reflexión:** A análise sistemática sobre a práctica educativa axudará a axustar as intervencións na busca dos obxectivos formulados.

A nosa proposta metodolóxica terá en conta as seguintes variables:

- **Secuencias de actividades de ensino-aprendizaxe:** As distintas accións deben estar articuladas e planificadas tendo en conta o ámbito e os seus destinatarios.
- **Relación profesorado-alumnado:** os vínculos que se crean fan que a transmisión de coñecementos e habilidades concorden ou non coas necesidades de aprendizaxe.
- **Participación:** Organizar actividades nos distintos ámbitos para asegurar a participación de todos, especialmente dos pais e nais.
- **Dinámica grupal:** o traballo en grupos fixos e variables contribúe ao traballo colectivo e persoal e a mellorar a competencia social do noso alumnado.
- **A utilización dos espazos e os tempo dun xeito adaptable ás diferentes necesidades educativas.**
- **O uso dos diferentes materiais e recursos segundo as diferentes formas de intervención.**
- **A organización dos contidos dun xeito integrador**
- **O papel da avaliación desde unha concepción global do proceso e non só como control restrinxido de resultados.**

# 8 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para o seguimento das actuacións previstas neste plan, ademais da avaliación continua das actividades que se desenvolven, ao inicio do curso levarase a cabo reunión do profesorado que exerce a función Titorial que será coordinada pola xefatura de estudos para o seguimento e a avaliación do plan de acción Titorial, tal como establece o decreto 374/96. Neste proceso analizarase o grao de cumprimento das actuacións previstas e, se fora preciso, introduciranse as modificacións e melloras que sexan necesarias.

Este proxecto foi aprobado e revisado nas sesións de Claustro e Consello Escolar do 01 de OUTUBRO de 2024



CEIP DE ESTEIRO